

IPC do ano anterior, que se aboará desde o primeiro mes do ano.

Apróbanse as táboas salariais correspondentes ao ano 2010. Achéganse tanto as táboas salariais de 2009 como as táboas salariais de 2010.

ANEXO
Táboas salariais 2009

| Categorías profesionais | Salario base 2009 | Asistencia | Complemento domingos | Festivos especiais |
|-------------------------------------|----------------------|------------|----------------------|--------------------|
| | S.B. 2008 + IPC 1,4% | | | |
| Grupo A) | | | | |
| Administrador/a | 1.531,17€ | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Xerente, director/a | 1.531,17€ | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Médico | 1.275,98€ | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Técnico superior | 1.275,98€ | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Grupo B) | | | | |
| Supervisor, socio asistencial | 1.020,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| ATS/DUE | 1.020,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Traballador/a social | 1.020,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Fisioterapeuta | 1.020,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Terapeuta ocupacional | 1.020,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Titulado/a | 1.020,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Grupo C) | | | | |
| Gobernante/a | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Oficial de mantemento | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Oficial administrativo | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| TASOC | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Condutor/a | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Xardiñeiro/a | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Grupo D) | | | | |
| Xerocultor/a-Auxiliar de enfermaría | 821,74 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Cociñeiro/a | 806,40 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Auxiliar de mantemento | 806,40 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Auxiliar administrativo | 806,40 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Camareiro/a de planta | 806,40 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Animador/a sociocultural | 806,40 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Porteiro/a de recepción | 806,40 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Grupo E) | | | | |
| Lavand./pasador/a de ferro | 748,48 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Auxiliar de cociña | 748,48 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Limpador/a | 748,48 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |
| Persoal non cualificado | 748,48 € | 64,95 € | 7,81 € | 30,42 € |

Táboas salariais 2010

| Categorías profesionais | Salario base 2010 | Asistencias | Complemento domingos | Festivos especiais |
|-------------------------------|----------------------|-------------|----------------------|--------------------|
| | S.B. 2009 + IPC 0,8% | | | |
| Grupo A) | | | | |
| Administrador/a | 1.543,42 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Xerente, director/a | 1.543,42 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Médico | 1.286,19 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Técnico superior | 1.286,19 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Grupo B) | | | | |
| Supervisor, socio asistencial | 1.028,91 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| ATS/DUE | 1.028,91 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Traballador/a social | 1.028,91 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Fisioterapeuta | 1.028,91 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Terapeuta ocupacional | 1.028,91 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Titulado/a | 1.028,91 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Grupo C) | | | | |
| Gobernante/a | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Oficial de mantemento | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Oficial administrativo | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| TASOC | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Condutor/a | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Xardiñeiro/a | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |

| Categorías profesionais | Salario base 2010 | Asistencias | Complemento domingos | Festivos especiais |
|-------------------------------------|----------------------|-------------|----------------------|--------------------|
| | S.B. 2009 + IPC 0,8% | | | |
| Grupo D) | | | | |
| Xerocultor/a-Auxiliar de enfermaría | 828,31 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Cociñeiro/a | 812,85 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Auxiliar de mantemento | 812,85 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Auxiliar administrativo | 812,85 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Camareiro/a de planta | 812,85 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Animador/a sociocultural | 812,85 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Porteiro/a de recepción | 812,85 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Grupo E) | | | | |
| Lavand./pasador/a de ferro | 754,47 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Auxiliar de cociña | 754,47 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Limpador/a | 754,47 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |
| Persoal non cualificado | 754,47 € | 65,47 € | 7,87 € | 30,66 € |

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 8 de abril de 2010 pola que se modifica a Orde do 16 de maio de 2008 pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nalgunhas zonas de Galicia.*

No ano 2007 detectouse en zonas concretas das provincias de Lugo e Ourense unha proliferación anormal da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.), coleóptero da familia dos crisomélidos, que se alimentan de tecidos foliares e que, ademais de produciren unha depreciación estética das árbores afectadas, poden inducir ao debilitamento dos pés, o que podería ser aproveitado por outras pragas ou enfermidades para atacalos de xeito máis eficaz.

Para poder actuar nos focos detectados desta enfermidade publicouse a orde do 16 de maio de 2008 e así puidéronse tomar as medidas de loita fitosanitaria axeitadas contra esta praga dando os tratamentos que minimizasen os danos directos ou indirectos que causaba.

Dado que a praga se estendeu a outros concellos, cómpre modificar a orde ampliando o ámbito territorial dos concellos en que a praga se considera declarada.

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, articula as actuacións en materia de sanidade vexetal, tanto na prevención como na loita contra as pragas, do Estado e das comunidades autónomas. Na aplicación desta lei é competencia desta consellería a declaración da existencia de pragas no territorio galego, recaendo pla súa vez esta competencia en virtude da estrutura orgánica da consellería na Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

Polo exposto, en virtude do establecido no Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, e no uso das

facultades que me foron conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro

DISPOÑO:

Artigo 1º

Esta orde ten como obxecto ampliar o ámbito territorial e modificar a disposición adicional establecida pola Orde do 16 de maio de 2008 pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nalgunhas zonas de Galicia.

Artigo 2º

Modificación da Orde do 16 de maio de 2008 (DOG nº 97, do 21 de maio de 2008) pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nalgunhas zonas de Galicia.

A Orde do 16 de maio de 2008 pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nalgunhas zonas de Galicia, modifícase nos seguintes termos:

«Un.

Artigo 1º.-Declaración de praga.

O artigo 1º nos seus puntos a) e b) queda redactado como segue:

a) Lugo: Sober, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Sarria, O Incio, Bóveda, Navia de Suarna, Saviñao, Ribas do Sil, Quiroga e Chantada.

b) Ourense: Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia, Sarreaus, Trasmiras, A Merca, Barbadás, San Cibrao das Viñas, Celanova, Ourense, Amoeiro, Cartelle, Taboadela, A Bola e Allariz.

Dous.

Disposición adicional

A disposición adicional queda redactada como segue:

Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*».

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 8 de abril de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia número 141, do 21 de xullo, pola que se procede á publicación das notas correspondentes ao terceiro exercicio da fase de oposición.

En sesión realizada o día 8 de abril de 2010, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no DOG nº 141, do 21 de xullo, que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de xullo de 2008, publicada no DOG nº 144, do 28 de xullo,

ACORDOU:

Primeiro.-Proceder á publicación das cualificacións do terceiro exercicio da fase da oposición. As cualificacións resultantes, logo da corrección polo tribunal do citado exercicio, son as seguintes:

| Apelidos e nome | DNI | Cualificación |
|--------------------------------|------------|----------------|
| Bernal Cortegoso, María Teresa | 44075670-B | Apto |
| Costa García, María Luz | 33239706-Z | Apto |
| Fernández López, Patricia | 44477676-T | Apto |
| Fernández Modia, Beatriz | 44820711-J | Apto |
| Fernández Prieto, María Carmen | 36113953-C | Apto |
| Framiñán Santas, Ana María | 76813318-B | Apto |
| López del Castillo, Laura | 09411391-K | Apto |
| López Sánchez, Cristina | 79311946-B | Non presentado |
| López Vázquez, Alberto | 33342546-K | Non presentado |
| Mariño Pereiro, Jorge | 33340748-V | Non presentado |
| Moreno Veloso, María Sonia | 53185081-L | Apto |
| Muñiz Rial, María del Mar | 44088257-V | Non presentado |
| Novas Rodríguez, Sonia | 53111746-P | Apto |
| Otero Gondar, Teresa | 35458170-J | Non presentado |
| Sánchez Díaz, María Natividad | 33995265-T | Non presentado |
| Sobrado Calvo, Ana Isabel | 52934870-W | Apto |
| Vázquez Álvarez, Aldara | 44821549-T | Non presentado |

Segundo.-Realizar os trámites oportunos para a publicación no lugar de realización do exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención á Cidadanía da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao terceiro exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

De acordo co disposto na base II.1.1.3 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións